



A TÓDOLOS/AS TRABALLADORES e TRABALLADORAS

Vigo, a 24 de Maio de 2019

Como xa sabíades hoxe celebrouse a reunión entre Dirección e Representación do Comité de Empresa para tratar, entre outros temas, a Problemática de Montaxe.

Trala intervención da Dirección sobre este punto, **as Tres Centrais Sindicais manifestamos a nosa desconformidade ante estas medidas xa que as consideramos insuficientes para solucionar os problemas que padecemos na Liña de M-2.**

Nas Asembleas da Folga do 22 comprometémonos con todos e todas vos en que, hoxe tiñamos que saír con solucións á Problemática de Montaxe, e así llo trasladamos á Dirección. “Ou buscábamnos solucións ou non nos movíamos da sala ata alcanzalas”.

A raíz da presión exercida por todos e todas vos participando nas folgas levadas a cabo nos pasados días 16 e 22, conquistastes que a Dirección reaccionara a tempo e recapacitara no seu posicionamento.

Por elo, esta mañá, conseguimos que **a Dirección aceptara o Servizo de Arbitraje e Mediación de Galiza (AGA).**

Si ben é un “hito histórico” neste Centro, posto que é a primeira vez que un Órgano externo medie ante un conflito, compartimos que esta mediación ten que valer para impedir que as solucións de montaxe se decalen máis no tempo.

Estas Tres Centrais Sindicais, si ben fomos os solicitantes do AGA ao comezo deste conflito, entendemos que nesta mesa negociadora teñen que sumarse o resto de Sindicatos que conforman o Comité de Empresa. **Xa que a solución do problema de Montaxe é responsabilidade de todos/as.**



MONTAXE SOLUCIÓN

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 24/05/2019 13:18:08

SAÍDA 387 / RX 775760



EXPTE 39/19
PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A

Recibida a conformidade da parte empresarial para levar a cabo o procedemento de mediación promovido ao abeiro do estipulado no AGA na empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, SA (Expediente AGA 39/19), e para o efecto de proceder á constitución da Comisión de conciliación e mediación prevista no artigo 18 de AGA, prácame convocalo a unha xuntanza coa mediadora D^a. Verónica Martínez Barbero, que terá lugar o día 27 de maio de 2019, ás 17:00 horas, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sita en Rúa Algalia de Abaixo, 24, en Santiago de Compostela.

Un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019

O xefe do servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios



Celso Araujo Castro